



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

**ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A COBERTURA DE UNHA PRAZA DE PEÓN ESPECIALISTA INCLUÍDA NA OPE ORDINARIA DO CONCELLO DE MUROS DO ANO 2022 (Resolución da Alcaldía número 342/2023, de 17 de abril)**

**PERSOAS ASISTENTES:**

Presidencia: D. Fernando Adolfo de Abel Vilela

Secretaría: Da. Graciela Castro Alvela

Vogais: Da. María Dolores Pena Pena e D. Fernando M. Rial Noia

Reunido telematicamente o tribunal de selección o día 19 de marzo de 2023 ás 12.30 h, e asistindo a tal reunión os membros arriba referidos, procédese en primeiro lugar a examinar as reclamacións presentadas ao abeiro do disposto da base 9 das que rexen o proceso selectivo, que sinala que “as persoas interesadas poderán presentar reclamacións ante o tribunal ás preguntas, ás respostas e ao seu contido”.

Reclamación presentada polo aspirante D. Ramón Pascual Lago País:

Reclama este aspirante “unha maior transparencia na corrección desta proba, xa que se se comparan os datos das dúas táboas publicadas hai resultados que non concordan”. Tal e como se explicou por parte deste Tribunal na acta rectificativa publicada o día 11 de marzo de 2024, detectouse un erro en canto á primeira valoración publicada, ao non terse aplicado na primeira corrección correctamente os criterios previstos nas bases - outorgar 0,5 puntos por cada acerto e detraer 0,1 puntos por cada erro-. En particular, o erro consistiu en que inicialmente se descontaron as preguntas non contestadas a razón de 0,5 puntos por cada unha e os fallos a razón de 0,1 puntos cada un do total máximo de 10 puntos, e posteriormente detectouse que tal método era incorrecto, sendo o correcto en aplicación das bases multiplicar os acertos por 0,5 e detraer do total a multiplicación dos erros por 0,1 puntos.

Non concorre, xa que logo e a entender deste Tribunal, ningunha eiva en canto á transparencia do proceso selectivo, senón que simplemente se cometeu un erro que se rectificou de inmediato. Cómpre lembrar que segundo dispón o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia das persoas interesadas, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Este aspirante reclama copia do seu exame, ao cal debe accederse en aplicación do previsto na normativa vixente.

Reclamación presentada polo aspirante D. Felipe Suárez Rama:

Alega motivadamente este aspirante que a pregunta nº 19 da primeira proba da fase de oposición, en canto á súa formulación, é incorrecta.

A Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, nº 1418/2016, de 15 de xuño, sinala no seu Fundamento de Dereito sexto que “da mesma maneira que ao aspirante non se lle permite ningún desenvolvemento explicativo das razóns da súa opción, tamén haberá de existir unha inequívoca correspondencia entre a pregunta formulada e a resposta que se declare correcta entre as distintas alternativas enunciadas; isto é, a pregunta non poderá incluír ningún elemento que permita razoablemente dudar sobre a validez da resposta elixida como correcta polo Tribunal Cualificador. O cal supón que calquera erro de formulación nas preguntas que poida xerar a máis mínima dúbida no aspirante impondrá a súa anulación”.

Examinada a normativa vixente e aplicable ao caso obxecto da pregunta, e considerando a doutrina xurisprudencial exposta, este tribunal debe darlle a razón ao reclamante, procedendo a anular dita pregunta.



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

Solicita o reclamante que como consecuencia da anulación e dado que non se cubriron preguntas de reserva, se proceda a repetir a primeira proba. Nas bases reguladoras do procedemento non existe previsión ao respecto de como proceder no caso de anularse algunha pregunta. O Tribunal, por unanimidade dos membros presentes, adopta a decisión de anular a antedita pregunta nº 19, considerando en particular que dita anulación non merma a necesaria vixencia do principio de igualdade das persoas aspirantes. E, en consecuencia, fíxase de maneira definitiva a lista de cualificacións da primeira proba, que queda como segue:

ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	1ª PROBA
1	Antelo Lago, Martín Eloy	***0166**	Non presentado
2	Fernández Díaz, Rafael	***0166**	7,70
3	Fernández Godón, Martín	***6946**	7,10
4	Figueiras González, Estefanía	***9171**	5,30
5	Lago Pais, Ramón Pascual	***9379**	7,70
6	Lago París, Manuel	***3331**	Non presentado
7	Miraz Fungueiriño, Alex	***4713**	3,20
8	Núñez Núñez, Santiago	***8717**	7,80
9	Oubiña Losada, Manuel	***0580**	5,40
10	Priegue Arestíño, Manuel Ramón	***2583**	Non presentado
11	Rama Martínez, Domingo Tomás	***6178**	6,60
12	Riomaos Martínez, José Ramón	***8718**	7,10
13	Ruibal López, José Manuel	***9112**	7,70
14	Suárez Rama, Felipe	***2785**	7,10
15	Tajes Pérez, Jesús Manuel	***3352**	8,90

Acórdase por unanimidade dos membros presentes do Tribunal fixar como data de realización da segunda proba do proceso selectivo o vindeiro día **5 de abril, venres, ás 17.30 h**. O lugar de celebración será na **nave municipal do Concello de Muros** situada no Polígono de Serres ao lado do tanatorio. Situación: <https://maps.app.goo.gl/31fvsbmDbFrySmg48>

Consonte ao disposto na base 10.A das reguladoras do proceso selectivo, a publicación deste anuncio de realización da segunda proba efectuarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros ([sede.muros.gal](http://sede.muros.gal)).

Acórdase por unanimidade dos membros presentes do Tribunal designar a incorporación como persoal colaborador ou asesor para a realización da segunda proba, ao abeiro do disposto na base 8.5 das que regulan o proceso selectivo, a D. Marcos Vilaríño Rodríguez, DNI \*\*\*6973\*\*, delinente con ampla experiencia como xefe de obras.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 13.00 h do día 19 de marzo de 2023.

A secretaria,

Vº bo, o Presidente,